



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 15 DE FEBREIRO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:10 horas do día 15 de febreiro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 13 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Rubén Peña Barceló (asiste aos puntos 3a e 4a)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2a, 5a e 5b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta, procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 8 de febreiro de 2017

Apróbase a acta da sesión do 8 de febreiro de 2017 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

b) Acta da sesión do 10 de febreiro de 2017

Apróbase a acta da sesión do 10 de febreiro de 2017 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

2.- Apertura técnica e económica

a) Procedemento negociado para a contratación do subministro de vestuario para o persoal municipal (4178-440) (reformulación de ofertas)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que seguindo o acordo de data 8 de febreiro de 2017, o mesmo día iniciouse a negociación cos licitadores presentados e admitidos nesta licitación, COSTA OESTE DEL ATLANTICO, S.L. e PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. Ambos os



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 09:09	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A14H-E7B44A-41AA43-2S3GBV-R3W9GV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

dous licitadores presentaron un novo sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor e proposición avaliable mediante fórmula*" o último día do prazo (13 de febreiro de 2017). Así mesmo, PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. presentou outro sobre o 14 de febreiro (fóra do prazo concedido). A Mesa acorda, por unanimidade, proceder á apertura en acto público da documentación presentada en prazo, co seguinte resultado:

Licitadores	Prezo lote 1	Prezo lote 2	Redución prazo tallado	Redución prazo entrega
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	Ratifícase na proposición inicial	Ratifícase na proposición inicial	-	-
COSTA OESTE DEL ATLANTICO, S.L.*	26.808,00 €	20.578,28 €	-	-

* Reduce o prezo de cada lote nun 8%

Ambos os dous licitadores presentan aclaracións sobre aspectos técnicos.

A continuación, a Mesa acorda, por unanimidade, que se proceda á apertura da documentación presentada por PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., fóra do prazo concedido, advertindo que só se terá en conta esta documentación sempre que o seu contido non altere a proposición formulada o 13 de febreiro de 2017 (dentro de prazo) e só se conteñan meras aclaracións.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica e económica ao servizo xestor, que terá que ter en conta o acordado en relación coa documentación presentada fóra do prazo concedido por PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.

3.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do campo de fútbol do Carballal – A Bandeira. Fase I (15342-333) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polos arquitectos municipais o 10 de febreiro de 2017 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

4.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do campo de fútbol do Carballal – A Bandeira. Fase I (15342-333)

Acéptase o informe asinado polos arquitectos municipais o 10 de febreiro de 2017 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 09:09	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A14H-E7B44A-41AA43-2S3GBV-R3W9GV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

5.- Incidencias

a) Dar conta da resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales en relación co recurso interposto contra os pregos de prescricións técnicas e administrativas reguladoras do contrato de servizo de limpeza nos colexios e escolas públicas (3815-440)

Dáse conta da resolución nº 11/2017, do 13 de xaneiro de 2017, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales pola que se desestima o recurso interposto por MANTELNOR contra os pregos de prescricións técnicas e administrativas reguladoras do contrato de servizo de limpeza nos colexios e escolas públicas. A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 27 de xaneiro de 2017.

A Mesa toma razón da citada resolución.

b) Dar conta da resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales en relación co recurso interposto contra o acordo de adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da Grada de Río do Estadio municipal de Balaídos (4051-440)

Dáse conta da resolución nº 130/2017, do 3 de febreiro de 2017, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales pola que se inadmite, por falta de lexitimación, o recurso interposto pola ASOCIACIÓN EN DEFENSA DE VIGO contra acordo de adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obra de reforma da Grada de Río do Estadio municipal de Balaídos e se levanta a suspensión do procedemento. A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 10 de febreiro de 2017.

A Mesa toma razón da citada resolución.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 09:09	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A14H-E7B44A-41AA43-2S3GBV-R3W9GV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		